ALEGACIONES ANTEPROXECTO DE LEI DA CALIDADE ALIMENTARIA DE GALICIA

Artigo 4 apartados b), c) e d)

As definicións deberían aliñarse coas definicións que marcan os artigos 34 e 35, o *Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios*.

Artigo 12 punto 2 apartado a)

Deberíase neste apartado, e nos que aparezan os termos, "materia alimentaria" reemplazalo polo termo "materia de calidade alimentaria" (xa que a materia alimentaria pode se calidade ou seguridade alimentaria).

Onde dí "*a) Asesorar sobre os plans estratéxicos e proxectos normativos en materia alimentaria"*.

Debería dicir *"a) Asesorar sobre os plans estratéxicos e proxectos normativos en materia de calidade alimentaria"*

Artigo 19 Trazabilidade

O concepto da trazabilidade merece un capítulo específico, xa que tanto os artigos 19, como do 20 ao 24 abarcan aspectos relativos á trazabilidade.

Artigo 23 punto 3 apartados e) (páxina 28)

Na destrución dos produtos alimenticios, deberíase ter en conta ademais da *Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia* a lexislación de aplicación de SANDACH xa que algúns produtos poderían ser de orixe animal e a súa xestión non está regulada pola antedita Lei 6/2021.